



a ARTE  
de ser MULLER  
nun MUNDO  
por COMPARTIR  
**5.0**

**D. Antonio Veiga Outeiro,**  
vicepresidente da Deputación de Lugo, e no seu nome

**D. Mario Outeiro Iglesias,**  
deputado delegado da Área de Cultura e Turismo,  
teñen o pracer de invitalo/a á inauguración da exposición

**Olladas de muller**  
sobre a Guía Postal de Lugo de Maruja Mallo

e a presentación do catálogo

**A arte de ser muller**  
nun mundo por compartir 4.0

que terá lugar o vindeiro venres, 7 de marzo de 2014,  
ás 20:00 horas, na Sala de Exposicións do Pazo de San Marcos  
(Deputación Provincial de Lugo)

No evento celebrarase a performance *A deriva de Maruja Mallo*  
de Cristina Sánchez e Nieves Neira do Colectivo Tanuki

Rúa San Marcos s/n  
Tel.: 982 242 112  
difusion@museolugo.org

Máis información:



e no sitio web: [www.museolugo.org](http://www.museolugo.org)



# O LLA DA S DE MULLER

sobre a Guía Postal  
de Lugo de Maruja Mallo

—  
07  
marzo  
—  
2014  
—

< Maruja Mallo  
Guía Postal de Lugo (fragmento)

# OLLADAS DE MULLER

sobre a Guía Postal  
de Lugo de Maruja Mallo

// Mónica Alonso // Carla Andrade //  
Mónica Cabo // Carolina Cruz Guimarey  
// Xisela Franco // Carmen Llonín //  
Paulova (Paula López Vallejo) // Antía  
Moure // Colectivo Tanuki (Nieves Neira  
e Cristina Sánchez) // Vari Caramés

A Lei Orgánica 3/2007 do 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes establece no seu artigo 26.2., que os distintos organismos, entes e demais estruturas das administracións públicas que, de modo directo ou indirecto, configuren a rede pública de xestión cultural, debemos desenvolver iniciativas destinadas a favorecer a promoción específica de mulleres na cultura e a combater a súa discriminación estrutural. Así mesmo, levar a cabo políticas activas de axuda á creación e produción artística de autoría feminina.

Este proxecto “*Olladas de muller sobre a Guía Postal de Lugo de Maruja Mallo*” é unha iniciativa máis das moitas que se están a desenvolver dende a Vicepresidencia 1ª e a Área de Cultura e Deporte da Deputación de Lugo a prol de traballar pola igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Esta exposición xira arredor de *Guía Postal de Lugo*, un cadro que fóra pintado por *Maruja Mallo* e que forma parte da colección do Museo Provincial de Lugo. Foi realizado en 1929 por encargo da Deputación de Lugo, para ilustrar as páxinas do libro *Lugo y su provincia (Libro de Oro)*. A artista ofrece a súa visión de Lugo a través dun *collage* de diversos lugares da provincia, a modo de postais superpostas. Mestura modernidade e

tradición, co seu propio imaxinario, dando lugar a unha obra moi rica en significados e matices, onde o real fúndese co irreal.

Convidouse a 10 mulleres artistas a recrear e reinterpretar a obra orixinal utilizando diferentes técnicas e conceptos. Buscábase relacionar a linguaxe plástica e innovadora de Maruja Mallo coas tendencias visuais actuais, establecendo vínculos e diferenzas, para mostrar as múltiples posibilidades de abordar o tema tratado en *Guía Postal de Lugo*.

Na mostra pódense apreciar aproximacións moi variadas en 9 proxectos inéditos, desde a *performance* e a *danza butoh* a cargo do **Colectivo Tanuki (Nieves Neira e Cristina Sánchez)**, ou varias propostas que parten da idea do *collage*: no estilo kitsch de **Paulova** (Paula López Vallejo), incluíndo un retrato dela posando como Maruja Mallo; na liña intimista de **Antía Moure**, con debuxos oníricos que evocan os seus recordos de Lugo; ou audiovisual, mesturando o vídeo coa ollada cinematográfica do tomavistas de súper 8 de **Xisela Franco**. A fotografía é outro dos medios elixidos para falar da visión utópica e urbana de Maruja Mallo, amosada xunto ao seu pasado histórico en tres das instalacións presentadas na exposición: **Carla Andrade**, a partir dun xogo de transposicións e

traslacións abstractas que subliman a paisaxe lucense; **Carmen Llonín**, nun postaleiro que ofrece unha visión emocional e monumental dun Lugo fundamentalmente natural; e **Mónica Cabo**, que a través dunha proxección de diapositivas que recolle as partes traseiras dos edificios pintados en *Guía Postal de Lugo*, nunha antítese da postal turística. **Carolina Cruz Guimarey** tamén baseouse na idea de postal para elaborar unha instalación colaborativa composta de sobres recheos de terra enviados por lucenses residentes fóra da provincia, para falar sobre os que xa non están. Finalmente, **Mónica Alonso** ofrece os resultados das súas persoais investigacións en teorías do psicoespazo, co fin de achar a estación do ano na que Maruja Mallo inspirouse para pintar o cadro.

Xunto a estas obras, tamén pódense ver unha serie de traballos artísticos dixitalizados, pensados tanto para ver proxectados como *on-line*, nunha **exposición virtual** integrada de obras enviadas por mulleres creadoras de todas as disciplinas, que foron recibidas a partir dunha convocatoria pública lanzada a través das redes sociais, o blog de Enredarte e a páxina web do Museo Provincial de Lugo.

O proxecto expositivo enmárcase dentro do programa **A arte de ser muller nun mundo por**

Vari Caramés  
Lugo (Miradoiro Galicia)



**compartir 5.0**, unha iniciativa centrada en dar visibilidade ás mulleres no eido creativo levada a cabo pola Rede Museística Provincial de Lugo. Nunha estratexia de subversión, inclúese a participación masculina para poñer en evidencia os mecanismos que permiten asumir, sen cuestionar, a minoría feminina en determinados proxectos culturais. Nesta edición, **Vari Caramés** contribúe a darlle a volta cunha fotografía tomada na Muralla de Lugo, lugar emblemático que aparece no cadro de Maruja Mallo. A obra está integrada na publicación *Miradoiro Galicia*, unha serie concibida para o Xacobeo 2010, na que ofrece a súa máxica

e suxestiva visión sobre Galicia, entre a contemporaneidade e a tradición popular.

A exposición tamén forma parte do **Festival Miradas de Mujeres 2014**, que organiza o MAV (Asociación de Mujeres en las Artes Visuales) para favorecer a arte creada baixo unha ollada feminina. A coordinación galega correu a cargo de Paula Cabaleiro.

Comisariado:  
**Encarna Lago e Anxela Caramés**